

ORDE do 22 de novembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás explotacións gandeiras pertencentes á indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e se convocan para o ano 2024, Consellería do Medio Rural DOG N° 2, (03/01/2023)

Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas **aos titulares de explotacións gandeiras inscritas nos rexistros do Consello Regulador que xestiona a indicación xeográfica protexida Ternera Gallega**, para compensar parcialmente os sobrecustos de produción destas explotacións, e proceder á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento MR515I).

Ámbito de aplicación

Esta orde será de aplicación ás explotacións de gando bovino rexistradas no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia e inscritas na IXP Ternera Gallega, que tivesen animais rexistrados na dita IXP e que finalizasen o seu proceso produtivo durante o ano 2023.

Estas axudas outorgaranse ao abeiro do disposto no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea **ás axudas de minimis** no sector agrícola (DOUE nº L 352, do 24.12.2013), que quedarán condicionadas polo establecido na normativa comunitaria sobre esta materia.

Requisitos das persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas físicas e xurídicas titulares de explotacións gandeiras situadas en Galicia, con exclusión das administracións ou entidades do sector público, que cumpran os seguintes requisitos:

- 1. Ser titulares dunha explotación de gando bovino inscrita no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia** que estivese en estado de alta con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2024, agás quen iniciase a actividade a través dun cambio de titularidade de explotacións en estado de alta con anterioridade a esa data.
2. Que a explotación estea de alta no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia no momento da solicitude da axuda.
3. Que a explotación estea inscrita nos rexistros do **Consello Regulador que xestiona a IXP Ternera Gallega** durante algún período do ano 2023.
4. Que a explotación teña animais rexistrados durante 2023 como **Ternera Gallega (TG) ou Ternera Gallega Suprema (TGS)** polo Consello Regulador que xestiona a indicación xeográfica protexida Ternera Gallega e, ademais que finalizasen o seu ciclo produtivo dentro do dito ano.

Contía da axuda

1. A contía individualizada da axuda para cada persoa física ou xurídica beneficiaria será, como máximo, **de 200 € por animal TGS subvencionable** e de **36 € por animal TG subvencionable**.
2. Serán subvencionables os animais que estiveron rexistrados durante o ano 2023 na IXP Ternera Gallega, que finalizaron o seu ciclo produtivo no marco desta IXP dentro do dito ano e que cumpriron todos os requisitos específicos exixidos ás categorías TGS ou TG.
3. **Non se concederán axudas superiores aos 20.000 € por persoa titular** e, no caso de persoas titulares que teñan varias explotacións, computaranse na axuda os animais rexistrados subvencionables existentes en todas elas.

No caso de persoas titulares que **só teñan animais TG subvencionables, o límite da axuda será de 10.000 €.**

No caso de persoas titulares que produzan animais subvencionables de TGS e de TG, a axuda calcularase cos importes sinalados para cada categoría de animal, co límite dos 20.000 € por persoa titular, pero respectando que o importe correspondente aos animais subvencionables como TG non poderá superar o límite mencionado dos 10.000 €.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes **remata o 3 de febreiro de 2024**